

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5.<sup>a</sup>, SANIDADE,  
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 29.11.2017      Hora: 10:30

A Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 29 de novembro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto único. Proposicións non de lei**

- 1            10675 (10/PNC-001109)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Solla Fernández, Eva  
Sobre a cobertura polo Goberno galego das demandas existentes en materia de persoal, o arranxo das instalacións e a dotación de medios materiais na Residencia Asistida de Maiores de Oleiros  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 136, do 28.06.2017*
  
- 2            10871 (10/PNC-001137)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis  
Sobre a dotación polo Goberno galego do Centro de Saúde de Burela de servizo de fisioterapia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 136, do 28.06.2017*
  
- 3            11746 (10/PNC-001183)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Vázquez Verao, Paula e 2 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención sanitaria aos doentes con dano cerebral adquirido  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 144, do 12.07.2017*
  
- 4            19612 (10/PNC-001592)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e 2 máis  
Sobre a garantía pola Xunta de Galicia da cobertura das prazas de persoal previstas no Centro de Saúde das Pontes de García Rodríguez, a substitución das baixas e vacacións dos seus profesionais, así como a dotación a ese centro do equipamento de radioloxía e dos recursos necesarios  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 207, do 08.11.2017*

- 5            19722 (10/PNC-001605)  
 Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
 Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis  
 Sobre o establecemento polo Goberno galego dun calendario concreto de actuacións para a construción do novo centro de saúde de Melide, así como a consignación da partida orzamentaria necesaria para a execución das obras e posta en funcionamento do centro  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 211, do 15.11.2017*
- 6            19901 (10/PNC-001622)  
 Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
 Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
 Sobre a substitución polo Goberno galego da baixa da facultativa do Centro de Saúde de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 211, do 15.11.2017*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2017

"  
 "  
 "  
 "

....."O ctvc"O ctfc" Tqftf| wgl /Xkur q" Tqftf| wgl  
 .....Rt gukf gpvc" f c" Ego kulop

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

## Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 29.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 29.11.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 10675(10/PNC-001109)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a cobertura polo Goberno galego das demandas existentes en materia de persoal, o arranxo das instalacións e a dotación de medios materiais na Residencia Asistida de Maiores de Oleiros

*Publicación da iniciativa, 136, 28.06.2017*



### Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

A Residencia Asistida de Maiores de Oleiros é a máis grande de toda a Provincia da Coruña e a que conta con maior número de residentes, chegando case aos 300. Con todo, é a que menos persoal de atención directa ten, tendo en conta os datos anteriores.

Esta deficiencia grave de persoal está provocando un aumento alarmante nas baixas por sobreesforzo, coa consecuencia de que as baixas non se están a cubrir debido á excesiva carga de traballo e as condicións nas que se ten que desenvolver o mesmo.

Son varios os exemplos que ilustran esta situación:

- Na quenda da noite, cada unidade conta coa presenza dunha soa auxiliar que ten que atender a un total de 44 usuarias/os con cambios posturais.
- Na lavandería o problema é similar, sendo oito persoas as que traballan na quenda de día e reducíndose a unha soa na quenda de tarde.
- O centro conta so cunha persoa de terapia ocupacional e unha animadora que teñen que atender diariamente a unha media de 150 residentes que asisten a este tipo de actividades.
- As case 300 persoas residentes contan só con dúas fisioterapeutas.
- Non existe psicólogo/a no centro.
- O psiquiatra visita tan só 6 horas ao mes.



En relación a falta de psicólogo/a e as poucas horas na que se dispón de psiquiatra, a situación empeora co ingreso de persoas con trastornos psíquicos procedentes dos hospitais psiquiátricos que están pechando. O propio director do centro reconece que este método non é o mais axeitado, ao carecer os centros de atención directa como a Residencia de Oleiros coas unidades e o persoal específico que se necesita para tratar a estas persoas.

En canto as deficiencias en instalación, o deterioro do chan está a influír no día a día do persoal e das persoas residentes, tratándose dun problema estrutural que é necesario solucionar ao supor un risco para o persoal como para as persoas usuarias das cales a maioría teñen mobilidade reducida.

Sobre as necesidades de material, faise necesario mercar dúas máquinas de lavado adecuadas para asumir o traballo diario que supera os 1000 quilos de roupa ao día, ademais de cambiar as camas antigas que dificultan de xeito impórtate o día a día do persoal do centro pola altura inadecuada das mesmas, así como a máquina de raios que xa ten máis de 20 anos i é unha máquina fixa que dificulta o seu uso nun centro cun elevadísimo nivel de dependencia.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a cubrir as demandas existentes na Residencia de Maiores de Oleiros tanto no relativo ao persoal como ás deficiencias materiais e de instalacións.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/06/2017 09:30**  
**Nº Rexistro: 10675**  
Data envío: 19/06/2017 18:45:26.522

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 19/06/2017 18:41:03**

**Luis Villares Naveira na data 19/06/2017 18:41:13**

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 29.11.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 10871(10/PNC-001137)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a dotación polo Goberno galego do Centro de Saúde de Burela de servizo de fisioterapia

*Publicación da iniciativa, 136, 28.06.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/06/2017 16:30**  
**Nº Rexistro: 10871**  
Data envío: 22/06/2017 16:13:00.374

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre a creación do servizo de fisioterapia no Centro de Saúde de Burela.

O Centro de Saúde de Burela non conta na actualidade con servizo de fisioterapia, a diferenza doutros centros de saúde da contorna coma o de Ribadeo, Foz ou Viveiro. Deste xeito os veciños dos concellos de Burela e Cervo non poden acceder a sesións de fisioterapia, cando o precisan, posto que non poden acudir a aqueloutros centros de saúde ao non estar asignados a eses centros.

Non se trata dun problema menor, posto que en moitas ocasións os médicos de atención primaria inclúen no seu tratamento para diferentes doenzas sesións de fisioterapia e mesmo dende o servizo de traumatoloxía do Hospital da Mariña se prescribe a fisioterapia como rehabilitación para moitos doentes.

A isto súmase, que no propio Hospital da Mariña se están a producir problemas para cubrir o posto de rehabilitador, o que supón graves prexuízos para a poboación da comarca. Os doentes ven con impotencia como lles recomendan levar a cabo sesións de fisioterapia pero no seu centro de saúde non se presta ese servizo e o único que poden facer é reclamar e/ou acudir a fisioterapeutas de pago por conta propia.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/06/2017 16:30  
Nº Rexistro: 10871  
Data envío: 22/06/2017 16:13:00.374

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a dotar o Centro de Saúde de Burela de servizo de fisioterapia a través do desenvolvemento das xestións necesarias para contar coas instalacións e o persoal preciso.”

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 22/06/2017 16:10:26**

**Noa Presas Bergantiños na data 22/06/2017 16:10:32**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/06/2017 16:30**  
**Nº Rexistro: 10871**

Data envío: 22/06/2017 16:13:00.374

**Xose Luis Rivas Cruz na data 22/06/2017 16:11:13**

**María Montserrat Prado Cores na data 22/06/2017 16:11:18**

**Xosé Luis Bará Torres na data 22/06/2017 16:11:22**

**Ana Pontón Mondelo na data 22/06/2017 16:11:26**

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 29.11.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3 11746(10/PNC-001183)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención sanitaria aos doentes con dano cerebral adquirido

*Publicación da iniciativa, 144, 12.07.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/07/2017 12:11  
Nº Rexistro: 11746  
Data envío: 06/07/2017 12:11:28.999



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Paula Vázquez Verao**, **Carmen Santos Queiruga** e **Eva Solla Fernández** e do seu deputado **Luis Villares Naveira**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O dano cerebral en xeral e o ictus, particularmente, é a primeira causa de morte feminina en Galicia e a primeira causa de discapacidade na persoa adulta. O traumatismo craneoencefálico é a primeira causa de invalidez entre mocidade e a segunda de dano cerebral adquirido.

Nestas situacións, é fundamental, para evitar as máximas secuelas posibles, o tratamento no menor tempo posíbel nun centro hospitalario que conte cun equipo especializado en dano cerebral, tanto na etapa de atención aguda como no período establecido de rehabilitación.

En todo o Estado, é notoria a inexistencia de recursos públicos destinados para atender unha rápida, continuada e avaliada rehabilitación neurolóxica. No caso de Galicia, non existen unidades específicas para dano cerebral nos Hospitais nin un centro para a rehabilitación específica de longa estancia. Na actualidade, pacientes que precisan deste tipo de rehabilitación son derivados ao Centro de Referencia Estatal de Atención ao Dano Cerebral ou a unha clínica de Barcelona e, recentemente, tamén a unha clínica pontevedresa (ampliación co concerto co Hospital Miguel Domínguez, asinado o 11 de abril de 2017, para incluír neurorehabilitación), non existindo en Galicia centro público que cubra esta



necesidade fundamental para que pacientes recuperen mobilidade e vida independente. En ambos centros existe lista de agarda, o que prexudica o resultado óptimo na mellora ou rehabilitación. Ademais, non todas as persoas dispoñen de acompañantes que podan desprazarse para o tratamento e sufragar o tempo de estancia en Madrid ou Barcelona. Por outra parte, no centro estatal só se atenden doentes de 16 a 55 anos con procesos recentes e recuperables e en estado físico de poder viaxar cada 15 días, e no centro de Barcelona, existe lista de agarda. O tratamento na clínica pontevedresa coa que recentemente a Xunta asinou un convenio só se atenden pacientes diagnosticadas de “estado de vixilia sen resposta”, do que cada ano se diagnostican entre 15 e 30 novos casos en Galicia.

O acceso a este servizo especializado na vía privada é inasumible pola maioría de persoas ou familias e a maioría de casos non encaixan nos criterios polos que serían atendidos/as nestes centros.

A Guía Clínica de Neuro-Rehabilitación en Dano Cerebral Adquirido do Ministerio de Sanidade, Servicios Sociales e Igualdad especifica o seguimento en canto a rehabilitación do dano cerebral:

“O tratamento de neuro-rehabilitación dispensado por un equipo interdisciplinar demostrou ser máis eficaz que o non recibir tratamento, ou que recibir tratamentos puntuais non coordinados. Isto é así, mesmo cando a intervención se limita ás fases moi temperás (estando aínda en coma)”.

Máis aínda, existe un gran consenso na literatura revisada ao sinalar que as unidades especializadas de ictus, con equipos multidisciplinares especializados na atención ao ictus son máis efectivas que as unidades xerais dos hospitais, ou que residencias ou outros servizos sanitarios de terceiro nivel. Estes resultados danse de forma independente ao grao de afectación ou prognóstico ao comezo do tratamento.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/07/2017 12:11**  
**Nº Rexistro: 11746**  
Data envío: 06/07/2017 12:11:28.999



Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1. Estudar, no presente ano 2017, a creación en Galicia dun centro público de referencia para a rehabilitación de persoas con dano cerebral adquirido.
2. Crear camas e/ou unidades de atención específicas de dano cerebral nos hospitais públicos galegos.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Voceiro do G.P. de En Marea

Eva Solla Fernández

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 06/07/2017 12:06:42**

**Carmen Santos Queiruga na data 06/07/2017 12:06:51**

**Eva Solla Fernández na data 06/07/2017 12:07:00**



**Luis Villares Naveira na data 06/07/2017 12:07:12**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/07/2017 12:11**  
**Nº Rexistro: 11746**  
Data envío: 06/07/2017 12:11:28.999

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 29.11.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 19612(10/PNC-001592)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a garantía pola Xunta de Galicia da cobertura das prazas de persoal previstas no Centro de Saúde das Pontes de García Rodríguez, a substitución das baixas e vacacións dos seus profesionais, así como a dotación a ese centro do equipamento de radioloxía e dos recursos necesarios

*Publicación da iniciativa, 207, 08.11.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/11/2017 17:16  
Nº Rexistro: 19612  
Data envío: 02/11/2017 17:16:28.708



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Julio Torrado Quintela, José Manuel Pérez Seco e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

A atención sanitaria no concello de As Pontes de García Rodríguez presenta certos déficits que resulta relevante tentar de resolver. Este concello, de unha moi grande extensión e dispersión xeográfica, ten veciños e veciñas que viven a máis de 20 quilómetros do centro de saúde, o que pon de manifesto as específicas condicións de atención que é necesario ter en conta.

O número de persoas profesionais determinados no cadro de persoal, tanto no que corresponde aos facultativos/as xerais como aos de pediatría, axústase ás ratios establecidas de maneira estandarizada e cubrirían, no caso de funcionar segundo está disposto, a corrección da atención. Non entanto, a deficitaria cobertura de baixas e vacacións das e dos profesionais, supón unha alteración de facto dos cupos a traballar por cada profesional, acumulándose pacientes para as e os profesionais que atenden de maneira real, e polo tanto prodúcese unha merma da calidade asistencial que se lle presta ás veciñas e aos veciños deste municipio.

No que corresponde aos recursos materiais, o Centro de Saúde de As Pontes e o servizo de urxencias non dispoñen de equipo de radioloxía nas súas instalacións, o que suporía un gran avance na atención sanitaria pois evitaría moitos desprazamentos para un servizo tan habitual e considerando ademais que liberaría de carga ao traballo hospitalario de Ferrol. Un equipo de raios, presente en diversos PAC de Galicia, sería un avance de moita relevancia para a dotación sanitaria de As Pontes e tería utilidade dado o servizo que este centro de saúde



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/11/2017 17:16  
Nº Rexistro: 19612  
Data envío: 02/11/2017 17:16:28.708



 Grupo Parlamentario

presta a toda a poboación da que é referencia. Existe reivindicación social e profesional que reclama esta mellora.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir a cobertura das e dos profesionais do Centro de Saúde de As Pontes de García Rodríguez e as substitucións das prazas no caso de baixas e vacacións dos titulares, para poder manter o nivel asistencial e o axuste de ratios establecido en función do cadro de persoal completo.
2. Dotar ao Centro de Saúde e PAC de As Pontes do equipamento de radioloxía e recursos necesarios para o seu funcionamento.

Pazo do Parlamento, 2 de novembro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
José Manuel Pérez Seco  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 02/11/2017 17:03:44**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 02/11/2017 17:03:52**

**Noela Blanco Rodríguez na data 02/11/2017 17:03:57**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/11/2017 17:16**  
**Nº Registro: 19612**  
Data envío: 02/11/2017 17:16:28.708

---

 [Grupo Parlamentario](#)



**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/11/2017 17:04:02**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 29.11.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.5 19722(10/PNC-001605)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre o establecemento polo Goberno galego dun calendario concreto de actuacións para a construción do novo centro de saúde de Melide, así como a consignación da partida orzamentaria necesaria para a execución das obras e posta en funcionamento do centro

*Publicación da iniciativa, 211, 15.11.2017*



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

Melide é un concello que ten 7.482 habitantes (IGE 2016) e que conta cun centro de saúde moi deteriorado, o que impide a atención sanitaria en condicións axeitadas tanto para a cidadanía como para o persoal sanitario que desenvolve o seu traballo neste centro de saúde.

A construción dun novo centro de saúde para Melide é unha necesidade urxente, que xa estaba previsto no Plan Director de Infraestruturas Sanitarias para Galicia 2008-2013, deseñado polo Goberno de Emilio Pérez Touriño; compromiso que foi paralizado coa chegada do Sr. Feijóo á Xunta de Galicia.

Dende o ano 2012, o Goberno da Xunta de Galicia vén asignando nos créditos iniciais dos orzamentos diferentes contías, que eran claramente insuficientes para facer fronte á construción do centro de saúde, pero que nunca se executaron:

2012 .....	500.000 €
2013 .....	771.000 €
2014 .....	19.063 €
2015 .....	0 €
2016 .....	300.000 €
2017 .....	400.000 €

O Grupo Parlamentario Socialista ten presentado iniciativas para interesarse polo desenvolvemento desta actuación e urxir unha inmediata solución a esta situación de precariedade, tendo como resposta a iniciativa POP 18684 (rexistro 25298 de 24 de xullo de 2014) na que se afirma: “A Xunta de Galicia mantén o compromiso de dotar aos veciños de Melide dun novo centro de saúde no prazo máis breve posible”





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/11/2017 13:29  
Nº Rexistro: 19722  
Data envío: 03/11/2017 13:29:45.671



---

**Grupo Parlamentario**

Non obstante, comprobamos como no proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o exercicio 2018 aparecen de novo 0 € para esta obra, por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a comprometer un calendario concreto de actuacións a desenvolver para a construción do novo centro de saúde de Melide, e a asignar unha partida orzamentaria suficiente para a súa construción e posta en funcionamento.

Pazo do Parlamento, 3 de novembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/11/2017 13:28:24**

**Noela Blanco Rodríguez na data 03/11/2017 13:28:34**

**Julio Torrado Quintela na data 03/11/2017 13:28:41**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/11/2017 13:28:50**

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 29.11.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.6 19901(10/PNC-001622)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a substitución polo Goberno galego da baixa da facultativa do Centro de Saúde de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa

*Publicación da iniciativa, 211, 15.11.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/11/2017 12:32  
Nº Rexistro: 19901  
Data envío: 08/11/2017 12:32:42.596

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á necesidade de substituír ao persoal facultativo no centro de saúde de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os recortes que o Goberno galego está aplicando en materia de sanidade están provocando un deterioro continuado do sistema sanitario público, recortes que se están aplicando dun xeito xeneralizado, tanto na atención hospitalaria como en atención primaria, e en todo o territorio galego.

Dentro dos recortes, o persoal é dos principais afectados, sendo sistemática a redución de profesionais, o que significa maior carga de traballo e que a calidade asistencial tamén se vexa afectada.

Un exemplo desta situación concrétase no centro de saúde de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa. Centro que está ubicado nas instalacións da Confraría de Pescadores Virxe do Rosario.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALIGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/11/2017 12:32**  
**Nº Rexistro: 19901**

Data envío: 08/11/2017 12:32:42.596

No centro de saúde hai unha médico e unha enfermeira que atende a usuarios e usuarias do pobo de Vilaxoán, Sobradelo, Faxilde, Galáns. Unha parte moi importante dos doentes que acoden a este centro superan os 60 anos.

Nestes días tense coñecemento que a médica que atende no centro de saúde de Vilaxoán vai estar de baixa durante un tempo considerábel, sen que isto conleve que desde a Consellaría de Sanidade destine outro/a profesional para a súa substitución.

A non substitución desta médica ocasionará prexuizos para os doentes que se terán que desprazar ao centro de saúde de Vilagarcía de Arousa ben en autobús ou en taxi, polo que suporá un gasto económico para os usuarios e usuarias, ou ben depender doutras persoas para o seu traslado.

Neste centro, aberto de luns a venres de mañá, na maioría dos días hai unha sobrecarga asistencial excesiva que obriga ao profesionais sanitarios a facer máis horas das que lle corresponden.

Ademais, as consecuencias de non substituír a esta médica implicarán que o persoal médico do centro de saúde de Vilagarcía, saturado xa na maioría dos días, verá incrementado o número de pacientes para atender polo que a calidade asistencial verase deteriorada.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/11/2017 12:32**  
**Nº Rexistro: 19901**

Data envío: 08/11/2017 12:32:42.596

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que proceda a substituír, á profesional facultativa que presta servizos no centro de saúde de Vilaxoán, pola totalidade do tempo que dure a súa ausencia.”

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/11/2017 12:11:01**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 08/11/2017 12:11:06**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/11/2017 12:32**  
**Nº Rexistro: 19901**

Data envío: 08/11/2017 12:32:42.596

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/11/2017 12:11:10**

**Olalla Rodil Fernández na data 08/11/2017 12:11:13**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/11/2017 12:11:16**

**Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2017 12:11:20**